

CRITERIOS DE AVALIACIÓN 1º PRIMARIA:

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un só momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que o valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.

Ademais de global, tamén será continua e formativa. Ao longo do curso comprobarase o logro dos obxectivos propostos mediante os seguintes criterios de cualificación:

❖ ***Actividades e tarefas sobre os contidos traballados na aula 40% :***

- Responder axeitamente, tanto de forma oral coma escrita, ao que se lle pregunta demostrando dominio na materia (30%).
- Escribe respectando regras gramaticais (5%).
- Ter unha caligrafía lexible (5%)

❖ ***Actividades de lectura (rexistros de lectura e comprensión) 20%:***

- Le coa velocidade e entoación axeitada a súa idade, respectando os signos de puntuación (10%),
- Amosa unha boa comprensión lectora, axeitada a súa idade. (10%)

❖ ***Actividades de expresión e creación 20% :***

- Exprésase cunha linguaxe oral correcta (vocabulario, comprensión da oración(10%).
- Realiza traballos de forma creativa e orixinal e razoa as estratexias a seguir na creación dos mesmos (10%)

❖ ***Traballo en equipo 10% (actitude e participación activa)***

❖ ***Traballo en clase: 10% (autonomía e presentación das actividades)***

Criterios de recuperación:

Cando un alumno- a non alcance o nivel suficiente na área, teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

- a) Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
- b) Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno-a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planificaranse actividades individuais de traballo.
- c) Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planificaranse actividades individuais de traballo nas que o alumno demostre que supera ditos contidos.
- d) A resposta educativa para a recuperación reflexarase no Plan de Traballo Individualizado.

Para obter unha calificación positiva teranse en conta:

- O nivel de coñecementos.
- O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.

LINGUA GALEGA:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un só momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que o valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.

Ademais de global, tamén será continua e formativa. Ao longo do curso comprobarase o logro dos obxectivos propostos mediante os seguintes criterios de cualificación:

Actividades e tarefas sobre os contidos traballados na aula (40%):

- Responder axeitadamente, tanto de forma oral coma escrita, ao que se lle pregunta demostrando dominio na materia (30%)
- Escribe respectando regras ortográficas e gramaticais (5%).
- Ter unha caligrafía lexible (5%)

Actividades de lectura (rexistros de lectura e comprensión) (20%):

- Le coa velocidade e entoación axeitada a súa idade, respectando os signos de puntuación (10%).
- Amosa unha boa comprensión lectora, axeitada a súa idade. (10%)

Actividades de expresión e creación (20%):

- Exprésase nunha linguaxe oral correcta (vocabulario, comprensión da oración) (10%).
- Realiza traballos de forma creativa e orixinal e razoa as estratexias a seguir na creación dos mesmos (10%)

Traballo en equipo 10% (actitude e participación activa)

Traballo en clase: 10% (autonomía e presentación das actividades)

LINGUA EXTRANXEIRA - INGLÉS

Criterios de Cualificación 1º E.P.

Dado o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira a adquisición da mesma e progresivo polo que ao inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menor seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de auto aprendizaxe. Alén disto, temos que ter en consideración tamén o nivel de competencia do alumnado na súa lingua materna, xa que, na maior parte dos casos, este factor condicionará tamén a súa competencia en lingua estranxeira e/ou as expectativas que se poidan ter sobre o nivel de consecución de obxectivos nesta área.

En consecuencia, a avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un só momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que o valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.

Teremos todo isto en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e decidir a cualificación para cada alumno/a .

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior avaliación.

Para construír a cualificación final analizaremos todos os CA do nivel; prestaremos atención especial e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias nese remate do curso.

>Proba de avaliación inicial o principio decurso.

>Proba de avaliación correspondente a cadaunidade.

>Seguimento da avaliación continua doalumno mediante rúbricas e outros instrumentos coma probas escritas ou redaccións.

>Observación do traballo do alumno e análise das súas producións (portfolio, traballo diario, evolución, caderno...)

>Observación do comportamento, esforzo, actitude cara a materiae atención mediante un rexistrodeseguimento (rúbrica).

Corresponderán distintos porcentaxes a cada un destes apartados.

>Consecución de obxectivos e contidos establecidos na programación: 40% (Instrumentos escritos)

-Avaliación inicial a principio do curso para averiguar o nivel de afianzamento dos contidos traballados en cursos previos.

-Observación sistemática e incidental.

-Probas orais, escritas e gráficas.

-Análise das producións do alumnado (portfolio)

-Fichas de seguimento.

>Interese/Esfuerzo/Evolución/Traballo diario: 40 % (Rúbricas)

-Rexistros do profesorado

-Cadernos/libros de aula

-Control de descritores operativos

>Traballo persoal/Grupal/Cooperativo e Conducta: 20% (Rúbricas)

-Observacións de conductas de cara o traballo, evolución, en xogos, grupos de traballo, debates, saídas...

-Hábito de traballo adecuado á idade.

-Conversacións e autoavaliacións.

-Traballo en grupo

-Conducta persoal e respecto de normas de convivencia.

Criterios de recuperación.

Dada a característica progresiva da materia, considerarase recuperados aspectos non superados no seu momento traballando na clase e na casa cas tarefas que se lle asignen, participando activamente nas actividades e demostrando a súa evolución e progreso, sempre e cando manteña una actitude de traballo, esforzo e de interese pola materia de lingua inglesa no presente curso sacando, coma mínimo, unha cualificación de Aprobado (5) na avaliación ordinaria do curso.

Poderase adaptar as probas escritas e o tempo de aplicación das mesmas, de ser necesario, para o alumnado que o precise sen que supoña unha desvantaxe para a súa avaliación, polo que poderá ser avaliado por mínimos nas probas escritas e superar igualmente a materia.

MATEMÁTICAS

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación da área de matemáticas de cada unha das avaliacións parciais e da avaliación final ordinaria son os que se indican nas táboas anteriores. Hai que ter en conta o indicado respecto das avaliacións parciais suspensas no apartado criterios de recuperación deste mesmo epígrafe.

A avaliación das competencias clave da avaliación final ordinaria farase tendo en conta as seguintes directrices:

- 1) Competencia en comunicación lingüística: os obxectivos de área 1 e 6 son fundamentalmente CCL
- 2) Competencia plurilingüe: o obxectivo de área 8 ten vinculacións coa CP no sentido de coñecer e respecta a diversidade lingüística e cultural presente no seu contorno, recoñecendo e comprendendo o seu valor como factor de diálogo, para mellorar a convivencia.
- 3) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería: os obxectivos de área 2, 3 e 5 son fundamentalmente STEM
- 4) Competencia dixital: o obxectivo de área 4 é fundamentalmente CD.
- 5) Competencia persoal, social e de aprender a aprender: o obxectivo de área 7.
- 6) Competencia cidadá: o obxectivo de área 8 ten importantes vinculacións coa CC vinculadas ao traballo en equipo, o respecto, a resolución pacífica de conflitos e a igualdade.

7) Competencia emprendedora: o obxectivo de área 8 ten importantes vinculacións coa CE vinculadas coa capacidade de liderado.

8) Competencia en conciencia e expresión culturais: o obxectivo de área: o obxectivo de área 5 é fundamentalmente CCEC

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.

Asemade, se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspensa. No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.

Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

NATURAL SCIENCE:

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un só momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.

Ademais de global, tamén será continua e formativa. Ao longo do curso comprobarase o logro dos obxectivos propostos mediante os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, que neste primeiro curso de educación primaria están compostos por táboas de indicadores para os diferentes criterios de avaliación das seis unidades didácticas que a compoñen. As táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade.

Para a avaliación global do traballo desenvolvido en cada trimestre, empregaranse os seguintes criterios de cualificación:

- Actividades e tarefas sobre os contidos traballados na aula 50% :
- Responder axeitadamente, tanto de forma oral coma escrita, ao que se lle pregunta demostrando dominio na materia (40%).
- Escribe axustándose ao establecido (5%).
- Razona as súas respostas (5%)
- Actividades de expresión e creación 30% :
- Exprésase cunha linguaxe oral correcta (vocabulario, comprensión da oración...)(10%).

- Fai uso das dúas linguas nas que se imparte a materia (10%)
- Realiza traballos de forma creativa e orixinal e razoa as estratexias a seguir na creación dos mesmos (10%)
- Traballo en equipo 10% (actitude e participación activa)
- Traballo en clase: 10% (autonomía, finalización e presentación das actividades)

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación x 0.4 + nota 2ª avaliación x 0.3 + nota 3ª avaliación x 0.3

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Criterios de recuperación:

Cando un alumno/a non alcance o nivel suficiente na área, e obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre, deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación:

- Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
- Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores, daranse por recuperados se o alumno/a obtén calificación positiva neles. En todo caso, planificaranse actividades individuais de traballo.
- Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica, planificaranse actividades individuais de traballo nas que o alumno demostre que supera ditos contidos.

Para obter unha calificación positiva teranse en conta:

- O nivel de coñecementos.
- O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.
- O grao de desenvolvemento xeral das competencias.

EDUCACIÓN FÍSICA:

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación. Estes criterios permitirán identificar se o alumnado progresa adecuadamente, é dicir, se desenvolven as capacidades de diferentes ámbitos ou se necesita mellorar algúns aspectos.

Todo alumnado ten dereito a unha avaliación o máis obxectiva posible e debe coñecer claramente o sistema de avaliación de forma que o/a alumno/a teña control sobre a aprendizaxe e a avaliación.

Débense variar os instrumentos de avaliación para obter información desde diferentes fontes, e desta forma orientar o proceso e realizar axustes sempre que sexa necesario.

A avaliación ideal debe estar centrada no alumnado. E isto significa que non vale a mesma avaliación para todos porque non todos aprenden da mesma forma. Algúns poden pensar que temos que facer unha avaliación para cada neno/a, pero se traballas por niveis poderemos identificar o nivel do alumnado e a partir de aí preparar a avaliación.

COMO AVALIAR AO NOSO ALUMNADO?

A avaliación será criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso, é dicir, o resultado obtido do individuo comparase con outros resultados obtidos polo mesmo nas mesmas actividades ou probas.

Ao ser unha programación didáctica para 1º Ciclo empregaremos Instrumentos Cualitativos, sendo polo tanto unha avaliación baseada en técnicas de observación.

Rexistraremos diariamente o que acontece nas sesións, empregando diferentes Instrumentos de Avaliación:

- ESCALAS DE VALORACIÓN: cada U.D. inclúe a escala que se aplicará nela.
- REXISTRO ANECDÓTICO: reflectiranse acontecementos que sexan significativos a efectos de avaliación do alumnado, así como calquera feito ou incidencia da sesión que nos poida servir como autoavaliación.
- LISTAS DE CONTROL: consiste nunha serie de ítems referidos a características, accións e actividades, nas que se indicará simplemente se se realizan ou non.
- RÚBRICAS: instrumento de medición no que a través dos CA prescritos se establecen uns estándares por niveis, mediante a disposición de escalas, que permiten determinar a calidade da execución en tarefas específicas.
- COAVALIACIÓN: o alumnado será o responsable de avaliar aos seus compañeiros en aspectos e accións definidas polo docente.
- TEST MOTORES: miden as cualidades físicas básicas que posúe o alumnado para realizar unha actividade física.
- LUDOGRAMAS: permite observar e representar o rol dos xogadores; e contabilizar accións (por exemplo, o número de pases que fai).
- SOCIOGRAMA. permitiranos coñecer as relacións sociais que existen dentro dos membros do grupo.

CANDO SE AVALÍA?

1- AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliarase cada unha das Unidades Didácticas sobre 10, empregando diversos instrumentos de avaliación. Para isto, tomaremos de referencia os criterios de avaliación xunto cos seus mínimos de consecución establecidos para cada unha das UD do apartado 3.3. Avaliación das Unidades Didácticas desta programación.

2- AVALIACIÓN DO TRIMESTRE:

Para avaliar cada trimestre teremos en conta as Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres.

Criterios de cualificación:

A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD, sempre tendo en conta a% de peso que ten esa UD no punto 3.1. Relación das Unidades Didácticas desta programación.

Curso 2022/2023:

1º TRIMESTRE (6 UD - 41%):

- UD. 1: 10% = equivalente a un 1 da nota 1º trimestre.
- UD. 2: 22% = equivalente a un 2,2 da nota 1º trimestre.
- UD. 3: 19% = equivalente a un 1,9 da nota 1º trimestre.
- UD. 4: 17% = equivalente a un 1,7 da nota 1º trimestre.
- UD. 5: 15% = equivalente a un 1,5 da nota 1º trimestre.
- UD. 6: 17% = equivalente a un 1,7 da nota 1º trimestre.

Nota do 1º trimestre (suma das UD da 1 á6)= 10

2º TRIMESTRE (5 UD - 33%):

- UD. 7: 21,21% = equivalente a un 2,21 da nota 2º trimestre.
- UD. 8: 21,21% = equivalente a un 2,21 da nota 2º trimestre.
- UD. 9: 21,21% = equivalente a un 2,21 da nota 2º trimestre.
- UD. 10: 21,21% = equivalente a un 2,21 da nota 2º trimestre.
- UD. 11: 15,2% = equivalente a un 1,52 da nota 2º trimestre.

Nota do 2º trimestre (suma das UD da 7 á11)= 10

3º TRIMESTRE (4 UD - 26%):

- UD. 12: 31% = equivalente a un 3,1 da nota 3º trimestre.
- UD. 13: 23% = equivalente a un 2,3 da nota 3º trimestre.
- UD. 14: 23% = equivalente a un 2,3 da nota 3º trimestre.
- UD. 15: 23% = equivalente a un 2,3 da nota 3º trimestre.

Nota do 3º trimestre (suma das UD da 12 á15)= 10

3. AVALIACIÓN FINAL DO CURSO (NOTA ORDINARIA) :

A nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da % de peso da UD marcada no apartado 3.1 Desenvolvemento das Ud. desta programación didáctica. Onde cada unha das Unidades Didácticas ten marcado a % de peso que supón o seu contido neste curso.

Baseándose nos datos das notas que o alumnado tivo en cada un dos trimestres suporán a seguinte porcentaxe da nota final.

Curso 2022/2023:

- 1º TRIMESTRE (6 UD): 41% equivalente a un 4,1 da nota final
- 2º TRIMESTRE (5 UD): 33 % equivalente a un 3,3 da nota final
- 3º TRIMESTRE (4 UD): 26 % equivalente a un 2,6 da nota final
- ORDINARIA (suma das 15 UD): 100% equivalente a 10.

CIENCIAS SOCIAIS:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos...

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

Durante o primeiro ciclo da etapa non vemos precisa a utilización de probas escritas para calificar ao alumnado.

A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

PROXECTO COMPETENCIAL:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación do caderno onde amosan o título do proxecto e o tema escollido.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do caderno coa procura de información. Fotografías, impresos, recortes...
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores

procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización

de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza,....

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL:

Criterios de cualificación:

A totalidade dos criterios de cualificación da presente programación didáctica serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 30%

-2º trim. 30%

-3º trim. 40%

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto terá lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á persoa docente titora mediante correo electrónico. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin: a recuperación consistirá nun debuxo e unha manualidade bidimensional ou tridimensional relacionados coas UD do Trimestre.

-Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folia que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

-Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

-Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos ou cuestións técnicas artísticas plásticas e audiovisuais) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado.

MÚSICA E DANZA:

Criterios de cualificación:

- Observación diaria do traballo do alumno/a (fichas de seguimento).

- Aplicación dos contidos adquiridos.
- Análise das producións do alumno/a utilizando os contidos traballados na aula.
- Manexo por parte do alumno/a dos materiais e recursos propios da música segundo o seu nivel.
- Rexistros e anecdotarios.
- Caderno de pentagramas/libro de actividades.
- Estándares de control de aprendizaxe.
- Observación da conducta na realización dos traballos.
- Respecto as traballo propio e alleo.
- Responsabilidade ante o material da asignatura.
- Conducta.
- Actitude positiva ante a materia, atención ao esforzo e a superación das dificultades que se atope no traballo diario.

Criterios de recuperación:

- Rexistros e anecdotarios.
- Caderno de pentagramas/libro de actividades.
- Observación da conducta na realización dos traballos.
- Respecto as traballo propio e alleo.
- Responsabilidade ante o material da asignatura.
- Conducta.